

IDILIO DE ROSAS

Afago do amor lisboeta
onde conflúen os nosos corazóns,
abrazo firme do mediodía,
a túa mirada commóvese e é sol
que alberga o meu sorriso firme,
álzase a palabra no tempo,
tempo do amor e a lenda,
vese a luz nos ocasos
da túa silueta, confundida coa miña,
a paz das rúas
ó noso paso polo Chiado
que nos atopa noutro tempo,
e tras o bico e o abrazo,
o sorriso e a caricia,
o soño dunha realidade presente,
cando xuntos na paz
da mañá
almorzamos na cámara exquisita,
onde pasado e presente se fusionan,
tras os limiares das portas,
que traspasamos na penumbra cadenciosa
da Brasileira,
cando Lisboa xa é outra
que non foi,
e xa non será mañá,
no noso recordo
entrelazado con tenrura.

XARDÍN DA ALMA

Plantei unha rosa no meu fondo corazón,
que medra na miña alma namorada
sendo constante así regada,
do fragor os latidos,
no meu tumultuoso sangue,
ela son e son nela
sendo ambos os dous corpo e sangue,
do mesmo ser no seu amor.

A ALBA DO AMOR¹

¡Beben e beben e volven a beber!
os meus beizos nos teus
polo teu amor de muller,
e inspirando pasan os nosos
fieis sentidos,
sentindo os latexos
dun mutuo amencer.

1 Metáfora de Nadal

HAYKUS

I

Nada é igual que todo,
coma ti e mais eu diluídos en si mesmos.

II

Alba das alas,
Onde soñas ó meu lado.

III

Coroa de ti, do teu sorriso,
paisaxe sublime dos meus ollos ó verte.

IV

Nena que voas polo ceo dos meus soños,
Abrígame no teu abrazo.

V

A barca da dita escorrégase lentamente,
fagamos o amor.

VI

Notei a noite nos teus ollos,
son a alba que espertará cun bico.

VII

Mírame ¡o sol que ves,
é o amor que en min sementaches.

VIII

O último pesadelo faleceu cos teus bicos,
amañece.

IX

Os xuncos camúflannos,
o sol métese, bícote.

X

O noso nome enlazado,
é o niño das bolboretas.

XI

As almas voan felices,
que libres son as bolboretas.

XII

Libélulas que soñan no seu bico,
e noméote ó acariciarte a modo.

XIII

As bolboretas son as almas
da paisaxe do noso idilio.

XIV

E non sopra vento,
cando me sorrí o teu semblante.